



REHABILITACION DE VIVENDA E EDIFICIOS 2013-2016 (VI422E)

DOG 63 do 04/04/2016 Resolución 18/3/2016. C.Infraestructura e Vivenda.

DATA REMATE: 04/06/2016

Contía da Subvención:

Maximo: Resultado de multiplicar 11.000 euros por cada vivenda e por cada 100 m² de superficieútil de local, ou 12.100 euros cando se trate de BICI, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente

MAXIMO o 35 % do custo subvencionable da actuación e ata 50% para as partidas e obras de accesibilidade

Beneficiarios:

Propietarios/as e comunidades de propietarios/as, as agrupacións de comunidades de propietarios/as e de edificios de vivendas que cumpran os requisitos

Os solicitantes e membros de comunidades e agrupacións deberán posuír a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, de Suíza ou o parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación. As persoas estranxeiras non comunitarias deberán ter residencia legal en España.

Requisitos Beneficiarios:

- a) Que estean finalizados antes de 1981.
- b) Que, polo menos, o 70 % da súa superficie construída sobre rasante teña uso residencial.
- c) Que, polo menos, o 70 % das súas vivendas constitúa o domicilio habitual das persoas moradoras. Excepcionalmente, admitiranse neste programa os edificios que, sen cumprir as condicións anteriores:
 - a) Presenten graves danos estruturais ou doutro tipo que xustifiquen a súa inclusión no programa.
 - b) Se destinen na súa totalidade ao alugamento durante, polo menos, 10 anos, contados desde a recepción da axuda.

Conceptos Subvencionables:

Obras de conservación: Conservación da cimentación, da estrutura, das instalacións..., De cubertas, azoteas, fachadas, medianeiras, outros elementos comúns...CON INFORME DE AVALIACION DO EDIFICIO

De adaptación á normativa vixente en instalacións comúns: de electricidade, de gas, saneamento, recollida e separación de residuos, telecomunicacións

Obras para a mellora da calidade e sustentabilidade do edificio: Mellora da



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Praza de Insuela S/N
15123 - CAMARIÑAS
981 737004 Fax: 981 736199
mjimenez.desenvolvemento@camarinas.net
www.camarinas.net



envolvente térmica, Instalacións de calefacción, refrixeración... Instalación de equipamentos de xeración... enerxías renovables... Mellora da eficiencia enerxética, instalacións comúns, ascensores... Mellora das instalacións ou mecanismos para favorecer o aforro de auga... Mellora para favorecer a recollida e o tratamento de residuos... Mellora do parámetro DB-HR... Acondicionamento dos espazos privativos para mellorar a permeabilidade...

Actuacións para realizar axustes razoables en materia de accesibilidade, as que adapten os edificios e os accesos ás vivendas e locais á normativa vixente.

Instalación de ascensores, salvaescaleiras, rampas... Instalación ou dotación de produtos de apoio tales como grúas... Instalación de elementos de información ou aviso... Instalación de elementos ou dispositivos electrónicos de comunicación.

Gastos de honorarios de profesionais que interveñen, Informes técnicos, Certificados necesarios, Gastos de tramitación administrativa necesarios